



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE  
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE  
Dirección Xeral de  
Desenvolvemento Sostible

**METEOGALICIA**

*Informe climatolóxico*

*Mes de xullo 2008*

# **INFORME CLIMATOLÓXICO**

## **MES DE XULLO 2008**



## 1.- Resumo

### **Mes moi variable, con períodos moi cálidos, pero coa frecuente visita de baixas presións.**

O mes de xullo caracterizouse pola variabilidade e os cambios continuados nas situacións sinópticas. Así, nos primeiros 7 días a presenza dunha borrasca situada ó leste de Irlanda deixou un tempo variable, con chuvias intermitentes no litoral atlántico e temperaturas en xeral por debaixo do normal para un mes de xullo. A partir do día 8 a situación mellorou, estabilizándose por mor da entrada do anticiclón dos Azores, pero esta situación non tivo continuidade e a presenza de aire frío en capas medias da atmosfera alimentou un novo centro de baixas presións deixando 3 xornadas, entre o 10 e o 12, con algunhas chuvias febles nas comarcas atlánticas e temperaturas en xeral por debaixo do normal. O período máis estable do mes configurouse entre o día 14 e o 23. Nestas 10 xornadas a situación xeral foi de ceos despexados e temperaturas altas, quedando soamente algunha nebulosidade e lixeiros descenso das temperaturas na metade norte o 17 e o 21. Este período estivo tamén caracterizado pola presenza de intensos ventos do nordés, que se deixaron sentir principalmente no litoral de A Coruña. Destacan as temperaturas do día 19 na metade sur de Galicia e do día 22 en toda a Comunidade. Nesta última xornada superáronse os 30°C agás no norte de Lugo e A Coruña, configurándose como a xornada máis calorosa dos primeiros 7 meses do ano. A partir do día 23 un novo centro de baixas presións achegouse a Galicia, ocasionando un novo cambio nas condicións. Os días 24 e 25 foron de inestabilidade, chuvias na metade oeste, ventos do sudoeste e temperaturas baixas en xeral. Este tempo irregular tivo continuidade nas xornadas do 27 e o 31 de xullo, día este último no que se rexistrou o paso dunha fronte fría con moita actividade na metade oeste, pero que tamén se estendeu cara o resto de Galicia, deixando chuvias, aínda que de carácter máis feble.

**Chuvia:** A visita de frecuentes centros de baixas presións con ventos do sudoeste e algunha fronte, deixa chuvias por riba do normal en moitos puntos da metade oeste. Porén, practicamente ningunha fronte chegou coa suficiente intensidade para deixar chuvias na metade leste, polo que nestas comarcas o mes foi seco. Así por exemplo, en Ourense capital rexístranse 5 días de chuvia, pero en ningún se supera a cantidade de 1mm.

**Temperatura:** As temperaturas están en xeral en valores próximos ós normais nas provincias de A Coruña e Pontevedra. Isto é así debido a que nas xornadas de baixas presións as temperaturas estiveron por debaixo do normal, pero a anomalía non chega a ser moi grande debido ós ventos de compoñente sur, e esas anomalías desaparecen por mor do período cálido entre o 14 e o 24. Este período non é suficiente no interior, xa que as anomalías negativas dos outros períodos do mes son de maior magnitude. Así por exemplo en Ourense rexístranse ó longo do mes 10 días con máximas por debaixo dos 25° cando o valor normal deste mes está preto dos 30°C. Pola contra soamente se superan os 35°C en dúas xornadas.



## 2.- Táboas de datos

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da CMA (CIS Ferrol, Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense-Ciencias) cos valores climáticos para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-estación completa/ Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións do INM, e Lourizán, da CMADS), no período 1973-2003.

O valor climático corresponde co promedio destes 31 anos, para o mes considerado. Móstrase tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou:

As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou l/m<sup>2</sup>).

O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual o maior a 1 mm

### CIS FERROL

	XULLO 2008	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
T <sup>a</sup> media	19.0	18.7	20.2 (1999)	17.2 (1977)
T <sup>a</sup> mínima media	15.7	15.6	17.0 (1999)	14.0 (1978)
T <sup>a</sup> mínima absoluta	12.3 (día 9)	10.2 (08/07/1978)		
T <sup>a</sup> máxima media	23.4	21.8	24.1 (1976)	19.8 (1977)
T <sup>a</sup> máxima absoluta	29.4 (día 22)	33.6 (19/07/1989)		
Precipitación acumulada	48	13-32	99 (1977)	2 (1986)
Días de chuvia (≥1mm)	10	5	11 (1988)	1 (1999;86)

#### Comentario:

*Mes cálido en xeral, con temperaturas medias máximas moi superiores ao agardado e mínimas normais.*

*A chuvia rexistrada supera o rango normal de valores para o mes de xullo, polo que o mes pode considerarse “moi húmido”. O número de días de chuvia tamén é moi superior ao valor normal.*



## SANTIAGO

	XULLO 2008	VALORES CLIMÁTICOS *	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	17.7	19.6	21.9 (1989)	18.3 (1988)
Tª mínima media	13.4	14.4	15.7 (1989)	13.2 (1988)
Tª mínima absoluta	9.7 (día 13)	7.0 (11/7/2002)		
Tª máxima media	22.6	24.9	28.5 (1990)	22.0 (1983)
Tª máxima absoluta	34.0 (día 22)	40.3 (20/7/1990)		
Precipitación acumulada	39	19-41	150 (2001)	2 (1986)
Días de chuvia (≥1mm)	8	5	12 (1995)	1 (1993;92)

### Comentario:

*Mes moi frío en xeral, especialmente no que respecta ás temperaturas máximas, máis de 2 °C por debaixo do agardado\*\*.*

*A cantidade de precipitación cae dentro do rango normal, aínda que o número de días de chuvia é superior ao valor medio agardado.*

\* valores climáticos calculados excepcionalmente nesta serie dende 1982.

\*\* hai que ter en conta que os valores climáticos cos que se comparan os datos desta estación foron obtidos cun período máis cálido que o do resto dos casos (1973-2003)

## LUGO

	XULLO 2008	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	17.3	19.0	21.8 (1999)	16.1 (1980)
Tª mínima media	11.7	13.1	15.9 (1999)	9.1 (1980)
Tª mínima absoluta	6.1 (día 7)	4.0 (17/07/1980)		
Tª máxima media	23.5	24.9	28.1 (1976)	21.9 (1982)
Tª máxima absoluta	30.1 (día 22)	39.0 (20/07/1990)		
Precipitación acumulada	6	14-25	105 (1977)	0 (1986)
Días de chuvia (≥1mm)	2	4	10 (1977)	0 (1990;86)

### Comentario:

*Mes frío no que respecta ás temperaturas máximas e moi frío en canto ás temperaturas mínimas e especialmente as medias, 1.7 °C por debaixo do valor climático*

*A precipitación rexistrada e o número de días de chuvia e moi inferior ao agardado, polo que o mes pode considerarse “moi seco”*



### PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	XULLO 2008	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	19.6	19.9	21.5 (1990)	18.1 (1977)
Tª mínima media	14.6	14.3	16.2 (1989)	12.2 (1980)
Tª mínima absoluta	10.0 (día 6)	7.6 (03/07/1997)		
Tª máxima media	25.4	25.5	28.1 (1989)	22.7 (1983)
Tª máxima absoluta	33.1 (día 21)	36.4 (22/07/1990)		
Precipitación acumulada	27	19-42	114 (2001)	0.5 (1981)
Días de chuvia (≥1mm)	5	4	11 (1995)	0 (1993)

Comentario:

*Mes normal en canto ás temperaturas máximas e cálido respecto as mínimas. Sen embargo, no que respecta ás temperaturas medias diarias o mes pode considerarse mesmo lixeiramente frío. A precipitación rexistrada entra dentro do rango normal e o número de días de chuvia tamén é moi semellante ao valor climático.*

### OURENSE

	XULLO 2008	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	20.5	22.1	25.0 (1989)	19.0 (1977)
Tª mínima media	14.2	14.6	16.8 (1989)	11.8 (1974)
Tª mínima absoluta	8.8 (día 7)	6.4 (08/07/1996)		
Tª máxima media	27.1	29.7	33.8 (1989)	24.7 (1977)
Tª máxima absoluta	37.0 (día 22)	42.6 (20/07/1990)		
Precipitación acumulada	3	8-19	54 (1977)	0 (1974)
Días de chuvia (≥1mm)	0	3	7 (2000;83)	1 (1994; 04)

Comentario:


*Mes moi frío en canto as temperaturas medias e sobre todo respecto ás máximas, máis de 2.5°C por debaixo do agardado) e frío respecto ás mínimas. A precipitación rexistrada é moi inferior ao rango normal; o mes pode considerarse “moi seco”. De feito, ningún día rexistrou máis de 1 litro de chuvia.*



### 3.- Mapas

#### 3.1.- Anomalías de presión en superficie


#### Anomalías de presión en superficie. Mes de Xullo 2008





### 3.2.- Anomalías de xeopotencial a 500 hPa


#### Anomalías de xeopotencial en 500 hPa. Mes de Xullo 2008







**3.3.- Temperatura media das máximas**




Tmáx -- 07/2008

www.meteogalicia.es





### 3.4.- Temperatura media das mínimas



Tmín -- 07/2008

www.meteogalicia.es



**3.5.- Choiva acumulada (litros/m<sup>2</sup>)**

